



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2026/E001/000002. Proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero.

ACTA Nº 2 DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMAS DUN TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO.

Constitúese o tribunal de selección, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 99/2026 de 23 de marzo de 2026 para proceder á realización do proceso de selección dun funcionario/a interino/a por programas dun Técnico/a de Igualdade de Xénero do Concello de Touro, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 60/2026 de 20 de febreiro de 2026 publicadas no BOP núm 37 de 25 de febreiro de 2026.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Día: 20 de abril de 2026

Hora de comezo: 10.00 horas

Hora de remate: 12.30 horas

Asistentes:

D^a Paz Gutiérrez Abella (Presidenta)

D^a Nieves González Mujico (1^a vogal)

D^a Cristina Carbajales Nouriño (2^a vogal)

D^a Carmen Adela Sabio Sanz (3^a vogal)

D. José López González (Secretario)

En cumprimento do disposto nas Bases de Selección, procédese a realizar o chamamento das persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio:

APELIDOS E NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
Lobato Rodríguez Belén	***5619**	Comparece
Losada Cortizas Sabela	***1074**	Comparece

Proceduese por unanimidade á confección da segunda proba de conformidade co establecido na Base novena consistente no deseño dun proxecto relacionado co Temario do Anexo I das bases adaptado ao Concello de Touro.

Valorarase neste exercicio o coñecemento da normativa así como a capacidade de síntese, a claridade e orde das ideas, e a facilidade de exposición.

Esta proba puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superar o exercicio.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima.

O tempo máximo para a realización da proba será de 90 minutos:

Unha vez rematados os exercicios procédese á lectura dos mesmos no salón de Plenos da Casa Consistorial, por cada persoa aspirante ante o tribunal, por orde de entrega do exame.

Posteriormente realízase polo tribunal de selección a correspondente corrección dos mesmos conforme ao previsto nas bases de selección do seguinte xeito:

- 1. Adecuación ao contexto municipal (0–3 puntos)**
- 2. Formulación de obxectivos (0–3 puntos)**
- 3. Enfoque de igualdade e violencia de xénero (0–4 puntos)**
- 4. Deseño de accións e actividades (0–4 puntos)**
- 5. Metodoloxía e intervención (0–3 puntos)**

6. Recursos (humanos y materiales) (0–1 punto)

7. Avaliación do proxecto (0–1 punto)

8. Claridade, coherencia e calidade técnica (0–1 punto)

A continuación realízase polo tribunal de selección a correspondente corrección do exercicio conforme ao previsto nas bases de selección, e resolvendo por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións, transcritas por orde de lectura.

Código de control	Adecuación ao contexto municipal	Formulación de obxectivos	Enfoque de igualdade e violencia de xénero	Deseño de accións e actividades	Metodoloxía e intervención	Recursos	Avaliación do proxecto	Claridade, coherencia e calidade técnica	Puntuación total
16MR	1	2	3	2,5	1,5	1	0,5	0,5	12
36LC	2,5	3	4	3,5	3	1	0	1	18

Respecto da terceira proba. Coñecemento de galego. As dúas persoas aspirantes que superaron a Segunda proba teñen a condición de aptas ao aportar xunto coa solicitude estar en posesión do certificado CELGA nivel 4 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 4 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014.

Cualificación final. A cualificación definitiva da oposición é o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición. De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal proporá o nomeamento da persoa aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas na oposición obtivera a maior puntuación.

CÓDIGO DE CONTROL	Nota primeira proba	Nota segunda proba	Terceira proba	Cualificación final
16MR	9	12	Apta	21
36LC	7,5	18	Apta	25,5

Por último, procedeuse a apertura do sobre onde se atopaban os códigos de control para coñecer os datos persoais das persoas

CÓDIGO DE CONTROL	APELIDOS E NOME	DNI
16MR	Lobato Rodríguez Belén	***5619**
36LC	Losada Cortizas Sabela	***1074**

Á vista das puntuacións obtidas, o Tribunal, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Elevar a listaxe das persoas aprobadas para os efectos da contratación, propoñendo a contratación de Losada Cortizas Sabela con D.N.I.***1074** por ser a persoa candidata que obtivo a maior puntuación.

SEGUNDO. Formar a seguinte listaxe (bolsa de traballo), por orde decrecente de puntuación: Lobato Rodríguez Belén con D.N.I. ***5619**

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión ás 12.30 horas do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

A Presidenta

Paz Gutiérrez Abella

1ª Vogal

Nieves González Mujico

2ª Vogal

Cristina Carbajales Nouriño

O Secretario

José López González

3ª Vogal

Carmen Adela Sabio Sanz



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

ANEXO

N.º de control:

PROBA DO SEGUNDO EXERCICIO PARA A SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMAS DUN/UNHA TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE XÉNERO DO CONCELLO DE TOURO.

Obrigatoria e eliminatória, de carácter práctico. Consistirá no deseño dun proxecto relacionado co Temario do Anexo I das bases adaptado ao Concello de Touro.

Valorarase neste exercicio o coñecemento da normativa así como a capacidade de síntese, a claridade e orde das ideas, e a facilidade de exposición.

Esta proba puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superar o exercicio.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar a puntuación mínima.

O tempo máximo para a realización da proba será de 90 minutos:

Desde o ámbito municipal, deseñe un proxecto integral dirixido á sensibilización, prevención e actuación fronte á violencia de xénero, incorporando ademais medidas orientadas á promoción da conciliación e da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Elabore a súa proposta tendo en conta as características específicas do concello (contexto sociodemográfico, recursos dispoñibles e necesidades detectadas), e inclúa polo menos:

- Obxectivos xerais e específicos
- Poboación destinataria
- Liñas de actuación e actividades concretas
- Metodoloxía de intervención
- Recursos necesarios (humanos e materiais)
- Indicadores de avaliación

N.º de control:	
-----------------	--

PRUEBA DEL SEGUNDO EJERCICIO PARA LA SELECCIÓN DE UN FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMAS DE UN/A TÉCNICO/A DE IGUALDADE DE GÉNERO DEL AYUNTAMIENTO DE TOURO.

Obligatoria y eliminatoria, de carácter práctico. Consistirá en el diseño de un proyecto relacionado con el Temario del Anexo I de las bases adaptado al Ayuntamiento de Touro.

Se valorará en este ejercicio el conocimiento de la normativa así como la capacidad de síntesis, la claridad y orden de las ideas, y la facilidad de exposición.

Esta prueba se puntuará de 0 a 20 puntos, siendo necesario obtener un mínimo de 10 puntos para superar el ejercicio.

Corresponderá al tribunal determinar el nivel de conocimientos exigidos para alcanzar la puntuación mínima.

El tiempo máximo para la realización de la prueba será de 90 minutos:

Desde el ámbito municipal, diseñe un proyecto integral dirigido a la sensibilización, prevención y actuación frente a la violencia de género, incorporando además medidas orientadas a la promoción de la conciliación y la igualdad efectiva entre mujeres y hombres.

Elabore su propuesta teniendo en cuenta las características específicas del ayuntamiento (contexto sociodemográfico, recursos disponibles y necesidades detectadas), e incluya al menos:

- Objetivos generales y específicos
- Población destinataria
- Líneas de actuación y actividades concretas
- Metodología de intervención
- Recursos necesarios (humanos y materiales)
- Indicadores de evaluación

